

DECLARACIÓN UNIVERSAL DE DEREITOS LINGÜÍSTICOS

PRELIMINARES

As institucións e organizacións non gobernamentais asinantes desta Declaración Universal de Dereitos Lingüísticos, reunidas en Barcelona, do 6 ao 9 de xuño de 1996;

Vista a Declaración Universal de Dereitos Humanos de 1948 que no preámbulo afirma a «fe nos dereitos humanos fundamentais, na dignidade e no valor da persoa humana e na igualdade de dereitos de homes e mulleres», e que no seu artigo segundo establece que «todo o mundo ten todos os dereitos e todas as liberdades» sen distinción de «raza, cor, sexo, lingua, relixión opinión política ou outra, orixe nacional ou social, posición económica, nacemento ou calquera outra condición»;

Visto o Pacto Internacional de Dereitos Cívís e Políticos do 16 de decembro de 1966 (artigo 27) e o Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais da mesma data, que nos seus preámbulos postulan que o ser humano non pode ser libre se non se crean as condicións que lle permitan gozar tanto dos seus dereitos cívís e políticos, como dos seus dereitos económicos, sociais e culturais;

Vista a Resolución 47/135, do 18 de decembro de 1992 da Asemblea Xeral da Organización das Nacións Unidas, que adopta a Declaración sobre os dereitos das persoas pertencentes a minorías nacionais ou étnicas, relixiosas e lingüísticas;

Vistas as declaracións e convenios do Consello de Europa como o Convenio Europeo para a Protección dos Dereitos Humanos e as Liberdades Fundamentais do 4 de novembro de 1950 (artigo 14); a Convención do Consello de Ministros do Consello de Europa, do 29 de xuño de 1992, pola cal se aproba a Carta Europea sobre as linguas rexionais ou minoritarias; a Declaración do Cumio do Consello de Europa, o 9 de outubro de 1993, sobre as minorías nacionais; e a Convención-marco para a Protección das Minorías Nacionais do mes de novembro de 1994;

Vista a Declaración de Santiago de Compostela do PEN Club Internacional e a Declaración do 15 de decembro de 1993 do Comité de Traducións e Dereitos Lingüísticos do PEN Club Internacional sobre a proposta de realizar unha conferencia mundial de Dereitos Lingüísticos; Visto que na Declaración de Recife, Brasil, do 9 de Outubro de 1987, o XXII Seminario da Asociación Internacional para o Desenvolvemento da Comunicación Intercultural recoméndalles ás Nacións Unidas que tomen as medidas necesarias co obxectivo de adoptaren e realizaren unha Declaración Universal de Dereitos Lingüísticos;

Vista a Convención número 169 da Organización Internacional do Traballo, do 26 de xuño de 1989, relativa aos pobos indíxenas independentes;

Visto que a Declaración Universal dos Dereitos Colectivos dos Pobos, Barcelona, maio de 1990, declara que todos os pobos teñen dereito a expresaren e desenvolveren a súa cultura, a súa lingua e as súas normas de organización e, para o faceren, a se dotaren das propias estruturas políticas educativas, de comunicación e de administración pública, en marcos políticos diferentes;

Vista a Declaración Final da Asemblea Xeral da Federación Internacional de Profesores de Linguas Vivas en Pécs (Hungría) o 16 de agosto de 1991, que recomenda que os dereitos lingüísticos sexan considerados como dereitos fundamentais da persoa;

Visto o informe da Comisión de Dereitos Humanos do Consello Económico e Social das Nacións Unidas, do 20 de abril de 1994, sobre o borrador da Declaración dos Dereitos dos Pobos Indíxenas, declaración na que os dereitos individuais se valoran á luz dos dereitos colectivos;

Visto o borrador da Declaración da Comisión Interamericana de dereitos humanos sobre os dereitos dos pobos indíxenas, aprobado na 1278 sesión do 18 de setembro de 1995;

Visto que a maioría das linguas ameazadas do mundo pertencen a pobos non soberanos e que os factores principais que impiden o desenvolvemento destas linguas e aceleran o proceso de substitución lingüística son a falta de autogoberno e a política de estados que imponen a súa estrutura político-administrativa e as súas linguas;

Visto que a invasión, a colonización e a ocupación, así como os casos de subordinación política, económica ou social, implican a miúdo a imposición directa dunha lingua allea ou a distorsión da percepción do valor das linguas e a aparición de actitudes lingüísticas xerarquizantes que afectan á lealdade 36 lingüística dos falantes, e visto que, por estes motivos, mesmo as linguas dalgúns pobos que accederon á soberanía están inmersas nun proceso de substitución lingüística por unha política que favorece a lingua das antigas colonias e antigos poderes imperiais;

Visto que o universalismo ten que basearse nunha concepción da diversidade lingüística e cultural que supere asemade as tendencias homoxeneizadoras e as tendencias ao illamento exclusivista;

Visto que para garantir a convivencia entre comunidades lingüísticas, fai falla atopar uns principios de orde universal que permitan asegurar a promoción, o respecto e o uso social público e privado de todas as linguas;

Visto que diversos factores de orde extralingüística (políticos, territoriais, históricos, demográficos, económicos, socioculturais, sociolingüísticos e de actitude colectiva) xeran problemas que provocan a desaparición, marxinación de degradación de numerosas linguas, e que, polo tanto, é preciso que os dereitos lingüísticos se afronten dende unha perspectiva global, para que se poidan aplicar en cada caso as solucións específicas axeitadas;

Entendendo que é necesaria unha Declaración Universal de Dereitos Lingüísticos que permita corrixir os desequilibrios lingüísticos de maneira que asegure o respecto e o pleno desenvolvemento de todas as linguas e que estableza os principios dunha paz lingüística planetaria xusta e equitativa, como factor principal da convivencia social;

Declaramos que

PREÁMBULO

A situación de cada lingua, vistas as consideracións previas, é o resultado da confluencia e da interacción de multiplicidade de factores diferentes: políticourídicos, ideolóxicos e

históricos; demográficos e territoriais; económicos e sociais; culturais; lingüísticos e sociolingüísticos; interlingüísticos; e finalmente subxectivos.

En concreto, a situación actual caracterízase por:

A secular tendencia unificadora da maioría de estados a reducir a diversidade e a favorecer actitudes adversas á pluralidade cultural e ao pluralismo lingüístico.

O proceso de mundialización da economía e, en consecuencia, do mercado da información, a comunicación e a cultura, que afecta aos ámbitos de relación e ás formas de interacción que garanten a cohesión interna de cada comunidade lingüística.

O modelo economicista de crecemento propugnado polos grupos económicos transnacionais, que pretende identificar a desregulamentación co progreso e o individualismo competitivo coa liberdade, motivo de graves e crecentes desigualdades económicas, sociais, culturais e lingüísticas.

As ameazas que, no momento actual presionan as comunidades lingüísticas sexa pola falta de autogoberno, por unha demografía limitada ou ben parcial ou enteiramente dispersa, por unha economía precaria, por unha lingua non codificada ou por un modelo cultural oposto ao predominante, fan que moitas linguas non poidan sobrevivir e desenvolverse se non se teñen en conta estes eixes fundamentais.

Desde a perspectiva política, concibir unha organización da diversidade lingüística que permita a participación efectiva das comunidades lingüísticas neste novo modelo de crecemento.

Desde a perspectiva cultural, facer plenamente compatible o espazo comunicativo mundial coa participación equitativa de todos os pobos, de todas as comunidades lingüísticas e de todas as persoas no proceso de desenvolvemento.

Desde a perspectiva económica, fundamentar un desenvolvemento sostible baseado na participación de todas e todos e no respecto polo equilibrio ecolóxico das sociedades e por unhas relacións equitativas entre todas as linguas e culturas.

Por todo isto, esta Declaración parte das comunidades lingüísticas e non dos estados, e inscríbese no marco do reforzo das institucións internacionais capaces de garantir un desenvolvemento sostible e equitativo para toda a humanidade e ten como finalidade propiciar un marco de organización política da diversidade lingüística baseado no respecto, a convivencia e o beneficio recíprocos.

TÍTULO PRELIMINAR

Precisións conceptuais

Artigo 1º

- 1 Esta Declaración entende como comunidade lingüística toda sociedade humana que, asentada historicamente nun espazo territorial determinado, recoñecido ou non, se autoidentifica como pobo e desenvolveu unha lingua común como medio de comunicación natural e de cohesión cultural entre os seus membros. A denominación lingua propia dun territorio fai referencia ao idioma da comunidade historicamente establecida neste espazo.
- 2 Esta Declaración parte do principio de que os dereitos lingüísticos son individuais e asemade colectivos, e adopta como referente da plenitude dos dereitos lingüísticos o caso dunha comunidade lingüística histórica no seu espazo territorial, entendido este non soamente como área xeográfica onde vive esta comunidade, senón tamén como un espazo social e funcional imprescindible para o pleno desenvolvemento dos dereitos que lles corresponden aos grupos lingüísticos aludidos no punto 5 deste mesmo artigo e os das persoas fóra do territorio da súa comunidade.
- 3 Ós efectos desta Declaración, enténdese que están tamén no seu propio territorio e pertencen a unha comunidade lingüística as colectividades que;

i. se atopan separadas do conxunto da súa comunidade por fronteiras políticas ou administrativas;

ii. están asentadas historicamente nun espazo xeográfico reducido, rodeado polos membros doutras comunidades lingüísticas; ou

iii. están asentadas nun espazo xeográfico compartido cos membros doutras comunidades lingüísticas de historicidade similar.

4 Ós efectos desta Declaración considéranse tamén, como comunidades lingüísticas dentro do seu propio territorio histórico, os pobos nómades nas súas áreas de desprazamento ou os pobos de asentamento disperso.

5 Esta Declaración entende como grupo lingüístico toda colectividade humana que comparte unha mesma lingua e que se atopa asentada no espazo territorial doutra comunidade lingüística, pero sen unha historicidade equivalente, como sucede en casos diversos de inmigrados, refuxiados, deportados ou os membros das diásporas.

Artigo 2º

1 Esta Declaración considera que, nos casos en que diferentes comunidades e grupos lingüísticos concorren nun territorio compartido, o exercicio dos dereitos formulados nesta Declaración ten que rexer polo do respecto entre todos e dentro das máximas garantías democráticas.

2 No momento de establecer un equilibrio sociolingüístico satisfactorio, é dicir, a axeitada articulación entre os respectivos dereitos destas comunidades e grupos lingüísticos e das persoas que forman parte deles, débese ter en conta, ademais da súa historicidade relativa e da súa vontade expresada democraticamente, factores que poden aconsellar un trato reequilibrador de obxectivo compensatorio: o carácter forzado das migracións que conduciron á convivencia das diferentes comunidades e grupos, ou o seu grao de precariedade política, socioeconómica e cultural.

Artigo 3º

1 Esta declaración considera como dereitos persoais inalienables, exercibles en calquera situación, os seguintes:

o dereito a se recoñecido como membro dunha comunidade lingüística;

o dereito ao uso dunha lingua en privado en público;

o dereito ao uso do propio nome;

o dereito a relacionarse e asociarse con outros membros da comunidade lingüística de orixe;

o dereito a manter e desenvolver a propia cultura;

e todos os outros dereitos de contido lingüístico recoñecidos no Pacto Internacional de Dereitos Civís e Políticos do 16 de decembro de 1966 e no Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais da mesma data.

2 Esta Declaración considera que os dereitos colectivos dos grupos lingüísticos, ademais dos establecidos polos seus membros no apartado anterior, tamén poden incluír, de acordo coas puntualizacións do artigo 2.2:

o dereito ao ensino da propia lingua e cultura;

o dereito a disporen de servizos culturais;

o dereito a unha presenza equitativa da lingua e a cultura do grupo nos medios de comunicación;

o dereito a seren atendidos na súa lingua nos organismos oficiais e nas relacións socioeconómicas.

3 Os dereitos das persoas e os grupos lingüísticos mencionados anteriormente non deben representar ningún obstáculo na interrelación e na integración destes na comunidade lingüística receptora, nin ningunha limitación dos dereitos desta comunidade ou dos seus membros á plenitude do uso público da lingua propia no conxunto do seu espazo territorial.

Artigo 4º

1 Esta Declaración considera que as persoas que se trasladan e se establecen no territorio dunha comunidade lingüística diferente da propia teñen o dereito e o deber de manter con ela unha relación de integración. A integración enténdese como unha socialización adicional destas persoas de xeito que poidan conservar as súas características culturais de orixe, pero compartan coa sociedade que as acolle as referencias, os valores e os comportamentos suficientes para permitir un funcionamento social global sen máis dificultades cás dos membros da comunidade receptora.

2 Esta Declaración considera, en cambio, que a asimilación –entendida como a aculturación das persoas na sociedade que as acolle, de tal maneira que substitúan as súas características culturais de orixe polas referencias, os valores ou os comportamentos propios da sociedade receptora– non debe ser en ningún caso forzada ou inducida, senón o resultado dunha opción plenamente libre.

Artigo 5º

Esta declaración baséase no principio de que os dereitos de todas as comunidades lingüísticas son iguais e independentes da consideración xurídica ou política de linguas oficiais, rexionais ou minoritarias. O uso de designacións tales como lingua rexional ou minoritaria, non se adopta neste texto porque, aínda que nalgún caso o recoñecemento como lingua minoritaria ou rexional pode facilitar o exercicio de certos dereitos, é frecuente o uso dos determinativos para restrinxir os dereitos dunha comunidade lingüística.

Artigo 6º

Esta declaración exclúe que unha lingua poida ser considerada propia dun territorio unicamente polo feito de ser a oficial do estado ou de ter tradición de ser utilizada dentro deste territorio como lingua administrativa ou de certas actividades culturais.

TÍTULO I

Principios xerais

Artigo 7º

1 Todas as linguas son a expresión dunha identidade colectiva e dunha maneira distinta de percibir e de describir a realidade, polo tanto teñen que poder gozar das condicións necesarias para o seu desenvolvemento en todas as funcións.

2 Cada lingua é unha realidade constituída colectivamente e é no seo dunha comunidade onde se fai dispoñible para o uso individual, como instrumento de cohesión, identificación, comunicación e expresividade creadora.

Artigo 8º

1 Todas as comunidades lingüísticas teñen o dereito de organizar e xestionalos recursos propios co fin de aseguraren o uso da súa lingua en todas as funcións sociais.

2 Todas as comunidades lingüísticas teñen o dereito de dispor dos medios necesarios para aseguraren a transmisión e a proxección futuras da lingua.

Artigo 9º

Toda comunidade lingüística ten dereito a codificar, estandarizar, preservar, desenvolver e promover o seu sistema lingüístico, sen interferencias inducidas ou forzadas.

Artigo 10º

- 1 Todas as comunidades lingüísticas son iguais en dereito.
- 2 Esta Declaración considera inadmisibles as discriminacións contra as comunidades lingüísticas baseadas en criterios como o seu grao de soberanía política, a súa situación social, económica ou calquera outra, así como o nivel de codificación, actualización ou modernización que conseguiron as súas linguas.
- 3 En aplicación do principio de igualdade deben establecerse as medidas indispensables para que esta igualdade sexa efectiva.

Artigo 11º

Toda comunidade lingüística ten dereito a gozar dos medios de tradución directa ou inversa que garantan o exercicio dos dereitos recollidos nesta Declaración.

Artigo 12º

- 1 No ámbito público, todo o mundo ten dereito a desenvolver todas as actividades na súa lingua, se é a lingua propia de onde reside.
- 2 No ámbito persoal e familiar, todo o mundo ten dereito a usar a súa lingua.

Artigo 13º

- 1 Todo o mundo ten dereito a acceder ao coñecemento da lingua propia da comunidade de onde reside.
- 2 Todo o mundo ten dereito ao poliglotismo e a coñecer e usar a lingua máis axeitada para o seu desenvolvemento persoal ou para a súa mobilidade social, sen prexuízo das garantías establecidas nesta Declaración para o uso público da lingua propia do territorio.

Artigo 14º

As disposicións desta Declaración non poden ser interpretadas ou utilizadas contra calquera norma ou práctica máis favorable do réxime interno ou internacional ao uso dunha lingua dentro do territorio que lle é propio.

TÍTULO II

Réxime lingüístico xeral

SECCIÓN I

Administración pública e órganos oficiais

Artigo 15º

- 1 Toda comunidade lingüística ten dereito a que a súa lingua sexa utilizada como oficial dentro do seu territorio.
- 2 Toda comunidade lingüística ten dereito a que as actuacións xudiciais e administrativas, os documentos públicos e privados e os asentos en rexistros públicos realizados na lingua propia do territorio sexan válidos e eficaces e ninguén poida alegar o descoñecemento.

Artigo 16º

Todo membro dunha comunidade lingüística ten dereito a relacionarse e a ser atendido na súa lingua polos servizos dos poderes públicos ou das divisións administrativas centrais, territoriais, locais e supraterritoriais aos cales pertence o territorio de onde é propia a lingua.

Artigo 17º

- 1 Toda comunidade lingüística ten dereito a dispoñer e obter toda a documentación oficial na súa lingua, en forma de papel, soporte informático ou calquera outro, para as relacións que afecten ao territorio de onde é propia esta lingua.
- 2 Os poderes públicos deben dispoñer de formularios, impresos e modelos en forma de papel, soporte informático ou calquera outro nas linguas territoriais, e ofrecerllos ao público nos servizos que afecten aos territorios onde é propia a lingua respectiva.

Artigo 18º

- 1 Toda comunidade lingüística ten dereito a que as leis e outras disposicións xurídicas que lle atinxen se publiquen na lingua propia do territorio.
- 2 Os poderes públicos que teñen nos seus ámbitos de actuación máis dunha lingua territorialmente histórica deben publicar todas as leis e outras disposicións de carácter xeral nestas linguas, con independencia de que os seus falantes entendan outras linguas.

Artigo 19º

- 1 As Asembleas de representantes deben adoptar como oficiais a lingua ou as linguas historicamente faladas no territorio que representan.
- 2 Este dereito inclúe as linguas das comunidades de asentamento disperso referidas no artigo 1 parágrafo 4.

Artigo 20º

- 1 Todo o mundo ten dereito a usar de palabra e por escrito, nos Tribunais de Xustiza, a lingua historicamente falada no territorio onde están radicados. Os Tribunais deben utilizar a lingua propia do territorio nas súas actuacións internas e, se por razón da organización xudicial do estado, o procedemento se segue fóra do lugar de orixe, hai que manter a lingua de orixe.

2 Malia isto, todo o mundo ten dereito a ser xulgado nunha lingua que lle sexa comprensible e poida falar, ou obter gratuitamente un intérprete.

Artigo 21º

Toda comunidade lingüística ten dereito a que os asentos dos rexistros públicos se fagan na lingua propia do territorio.

Artigo 22º

Toda comunidade lingüística ten dereito a que os documentos notariais ou autorizados por funcionarios que exerzan fe pública sexan redactados na lingua propia do territorio onde o notario ou funcionario teña demarcada a súa sede.

SECCIÓN II

Educación

Artigo 23º

1 A educación debe contribuír a fomentar a capacidade de autoexpresión lingüística e cultural da comunidade lingüística do territorio onde é impartida.

2 A educación debe contribuír ao mantemento e desenvolvemento da lingua falada pola comunidade lingüística do territorio onde é impartida.

3 A educación debe estar sempre ao servizo da diversidade lingüística e cultural, e das relacións harmoniosas entre diferentes comunidades lingüísticas de todo o mundo.

4 No marco dos principios anteriores, todo o mundo ten dereito a aprender calquera lingua.

Artigo 24º

Toda comunidade lingüística ten dereito a decidir cal debe ser o grao de presenza da súa lingua, como lingua vehicular e como obxecto de estudio, en todos os niveis da educación

dentro do seu territorio: preescolar, primario, secundario, técnico e profesional, universitario e formación de adultos.

Artigo 25º

Toda comunidade lingüística ten dereito a dispor de todos os recursos humanos e materiais necesarios para conseguir o grao desexado de presenza da súa lingua en todos os niveis de educación dentro do seu territorio: ensinantes debidamente formados, métodos pedagóxicos axeitados, manuais, financiamento, locais e equipos, medio tecnolóxicos tradicionais e innovadores.

Artigo 26º

Toda comunidade lingüística ten dereito a unha educación que lles permita a todos os seus membros adquirir o pleno dominio da súa propia lingua, coas diversas capacidades relativas a todos os ámbitos de uso habituais, así como o mellor dominio posible de calquera outra lingua que desexen coñecer.

Artigo 27º

Toda comunidade lingüística ten dereito a unha educación que lles permita aos seus membros o coñecemento das linguas vinculadas á propia tradición cultural, tales como as linguas literarias ou sagradas, usadas antigamente como linguas habituais da propia comunidade.

Artigo 28º

Toda comunidade lingüística ten dereito a unha educación que lle permita aos seus membros adquirir un coñecemento profundo do seu patrimonio cultural (historia e xeografía, literatura e outras manifestacións da propia cultura), así como o máximo dominio posible de calquera outra cultura que desexen coñecer.

Artigo 29º

- 1 Toda persoa ten dereito a recibir a educación na lingua propia do territorio onde reside.
- 2 Este dereito non exclúe o dereito de acceso ao coñecemento oral e escrito de calquera lingua que lle sirva de ferramenta de comunicación con outras comunidades lingüísticas.

Artigo 30º

A lingua e a cultura de cada comunidade lingüística deben ser obxecto de estudio e de investigación a nivel universitario.

SECCIÓN III

Onomástica

Artigo 31º

Toda comunidade lingüística ten dereito a preservar e usar en todos os ámbitos e ocasións o seu sistema onomástico.

Artigo 32º

- 1 Toda comunidade lingüística ten dereito a facer uso dos topónimos na lingua propia do territorio, nos usos orais e escritos, e nos ámbitos privados, públicos e oficiais.
- 2 Toda comunidade lingüística ten dereito a establecer, preservar e revisar a toponimia autóctona. Esta non pode ser suprimida, alterada ou adaptada arbitrariamente, como tampouco pode ser substituída en caso de cambios de conxunturas políticas ou doutro tipo.

Artigo 33º

Toda comunidade lingüística ten dereito a autodesignarse na súa lingua. Así pois, calquera tradución a outras linguas debe evitar as denominacións confusas ou despectivas.

Artigo 34º

Toda persoa ten dereito ao uso do seu antropónimo na lingua que lle é propia en todos os ámbitos, e a unha transcripción foneticamente tan fiel como sexa posible a outro sistema gráfico cando sexa necesario.

SECCIÓN IV

Medios de comunicación e novas tecnoloxías

Artigo 35º

Toda comunidade lingüística ten dereito a decidir cal debe ser o grao de presenza da súa lingua nos medios de comunicación do seu territorio, tanto nos locais e tradicionais como nos de maior ámbito de difusión e de tecnoloxía máis avanzada, independentemente do sistema de difusión ou transmisión utilizado.

Artigo 36º

Toda comunidade lingüística ten dereito a dispor de todos os medios humanos e materiais necesarios para asegurar o grao desexado de presenza da súa lingua e de autoexpresión cultural nos medios de comunicación do seu territorio: persoal debidamente formados, financiamento, locais e equipos, medios tecnolóxicos tradicionais e innovadores.

Artigo 37º

Toda comunidade lingüística ten dereito a recibir, a través dos medios de comunicación, un coñecemento profundo do seu patrimonio cultural (historia e xeografía, literatura e outras

manifestacións da propia cultura), así como o máximo grao de información posible de calquera outra cultura que desexen coñecer os seus membros.

Artigo 38º

Todas as linguas e as culturas das comunidades lingüísticas deben recibir un trato equitativo e non discriminatorio nos contidos dos medios de comunicación de todo o mundo.

Artigo 39º

As comunidades descritas no artigo 1, parágrafos 3 e 4 desta Declaración, así como os grupos mencionados no parágrafo 5 do mesmo artigo, teñen dereito a unha representación equitativa da súa lingua nos medios de comunicación do territorio onde se estableceron ou se desprazan. O exercicio deste dereito debe estar en harmonía co exercicio dos dereitos propios dos outros grupos ou comunidades do territorio.

Artigo 40º

Toda comunidade lingüística ten dereito a dispor, no ámbito informático, de equipos adaptados ao seu sistema lingüístico e ferramentas e produtos na súa lingua, para aproveitar plenamente o potencial que ofrecen estas tecnoloxías para a autoexpresión, a educación, a comunicación, a edición, a tradución, e, en xeral, o tratamento da información e a difusión cultural.

SECCIÓN V

Cultura

Artigo 41º

1 Toda comunidade lingüística ten dereito a usar a súa lingua e a mantela e potenciala en todas as expresións culturais.

2 O exercicio deste dereito debe poder desenvolverse plenamente sen que o espazo de ningunha comunidade sexa ocupado de maneira hexemónica por unha cultura allea.

Artigo 42º

Toda comunidade lingüística ten dereito a desenvolverse plenamente no propio ámbito cultural.

Artigo 43º

Toda comunidade lingüística ten dereito a acceder ás obras producidas na súa lingua.

Artigo 44º

Toda comunidade lingüística ten dereito a acceder ás programacións interculturais, a través da difusión dunha información suficiente, e que se apoiem as actividades de aprendizaxe para estranxeiros/as ou de tradución, dobraxe, post-sincronización e subtitulado.

Artigo 45º

Toda comunidade lingüística ten dereito a que a lingua propia do territorio figure nun sitio prioritario nas manifestacións e servizos culturais tales como bibliotecas, videotecas, cines, teatros, museos, arquivos, produción informáticas, folclore, industrias culturais, e todas as outras expresións que deriven da realidade cultural.

Artigo 46º

Toda comunidade lingüística ten dereito á preservación do seu patrimonio lingüístico e cultural, incluídas as manifestacións materiais como por exemplo os fondos documentais, herdanza artística, arquitectónica e monumental, e presenza epigráfica da súa lingua.

SECCIÓN VI

Ámbito socioeconómico

Artigo 47º

- 1 Toda comunidade lingüística ten dereito a establecer lo uso da súa lingua en todas as actividades socioeconómicas dentro do seu territorio.
- 2 Calquera membro dunha comunidade lingüística ten dereito a dispor na súa lingua de todos os medios que require o exercicio da actividade profesional, como por exemplo documentos e libros de consulta, instrucións, impresos, formularios e equipos, ferramentas e programas informáticos.
- 3 A utilización doutras linguas neste ámbito só se pode esixir na medida que o xustifique a natureza da actividade profesional desenvolvida. En ningún caso outra lingua chegada máis recentemente pode subordinar ou agochalo uso da lingua propia do territorio.

Artigo 48º

- 1 No territorio da propia comunidade lingüística, todo o mundo ten dereito a usar a súa lingua, con plena validez xurídica, nas transaccións económicas de todo tipo, como por exemplo a compravenda de bens e servizos, as operacións bancarias, os seguros, os contratos laborais e outros.
- 2 Ningunha cláusula destes actos privados pode excluír ou limitar o uso dunha lingua no propio territorio.
- 3 No territorio da propia comunidade lingüística, todo o mundo ten dereito a dispor na súa lingua dos documentos necesarios para a realización das operacións mencionadas como por exemplo impresos, formularios, cheques, contratos, facturas, recibos, pedidos e outros.

Artigo 49º

No territorio da propia comunidade lingüística, todo o mundo ten dereito a usar a súa lingua en calquera tipo de organización socioeconómica: laborais, sindicais, patronais, profesionais e gremiais.

Artigo 50º

- 1 Toda comunidade lingüística ten dereito a unha presenza predominante da súa lingua na publicidade, na rotulación, na sinalización exterior e no conxunto da imaxe do país.
- 2 No territorio da propia comunidade lingüística, todo o mundo ten dereito a obter na súa lingua unha información completa, tanto oral como escrita, sobre os produtos e servizos que propoñen os establecementos comerciais do territorio, como por exemplo as instrucións de uso, as etiquetas, os listados de ingredientes, a publicidade, as garantías e outros.
- 3 Todas as indicacións públicas referentes á seguridade dos cidadáns e cidadás deben ser expresadas polo menos na lingua propia da comunidade lingüística e en condicións non inferiores ás de calquera outra lingua.

Artigo 51º

- 1 Todo o mundo ten dereito a usar a lingua propia do territorio nas súas relacións coas empresas, establecementos comerciais e entidades privadas e a ser reciprocamente atendido/a e correspondido/a nesta lingua.
- 2 Todo o mundo ten dereito, como cliente, consumidor ou usuario, a ser informado, oralmente ou por escrito, na lingua propia do territorio nos establecementos abertos ao público.

Artigo 52º

Todo o mundo ten dereito a exercer as actividades laborais ou profesionais na lingua propia do territorio, non sendo que as funcións inherentes ao posto de traballo requiran o uso

doutros idiomas, como por exemplo o caso dos profesores de linguas, os tradutores, os guías turísticos.

Disposicións adicionais

Primeira

Os poderes públicos deben tomar todas as medidas oportunas para a aplicación do dereitos proclamados nesta Declaración no seu ámbito de actuación. Deben habilitar os fondos internacionais para que as comunidades ostensiblemente faltas de recursos poidan exercer os Dereitos Lingüísticos. Do mesmo xeito, os poderes públicos deben aportar o apoio necesario para a codificación, a transcripción escrita, o ensino das linguas das diversas comunidades e a súa utilización na administración.

Segunda

Os poderes públicos deben garantir que as autoridades, as organizacións e as persoas concernidas sexan informadas dos dereitos e os deberes correlativos que se desprenden desta Declaración

Disposicións finais

Primeira

Esta Declaración propón a creación do Consello das Linguas no seo das Nacións Unidas. Correspóndelle á Asemblea Xeral das Nacións Unidas a creación e a definición deste Consello así como das persoas que deben compoñelo, e a creación do organismo de dereito internacional que debe amparar as comunidades lingüísticas nos dereitos recoñecidos nesta Declaración.

Segunda

Esta declaración propugna e promove a creación dunha Comisión Mundial de Dereitos Lingüísticos de natureza non-oficial e de carácter consultivo, formada por representantes de ONG e entidades do ámbito do dereito lingüístico.

Barcelona, xuño de 1996